



MARTES, 6 DE MAIO DE 2025 MARTES, 6 DE MAYO DE 2025 | BOP NÚMERO 84

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

*Padrón do prezo público actividades deportivas de febreiro e marzo 2025*

#### ANUNCIO

**Edicto de exposición pública e período de cobro dos Padróns do prezo público pola participación en talleres culturais, escolas e actividades deportivas correspondentes aos meses de febreiro e marzo de 2025.**

Por Resolución da Alcaldía núm. 206/2025 do 15/04/2025, aprobáronse os padróns fiscais do prezo público pola participación en talleres culturais, escolas e actividades deportivas correspondentes aos meses de febreiro e marzo de 2025.

**Exposición:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 20 DÍAS, contados a partir do seguinte á publicación do edicto no B.O.P da Coruña. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005 do Regulamento Xeral de Recadación.

Durante o periodo de exposición pública contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

**Recursos:** Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non o fose. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

**Período de cobro:** O prazo de cobro en período voluntario será de DOUS MESES, a contar dende a súa publicación no B.O.P Transcorrido o prazo establecido, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e os custos de acordo cos artigos 26 a 28 e 161 da Lei Xeral Tributaria.

Os contribuíntes poderán aboar as liquidacións nas entidades bancarias colaboradoras do concello, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade teña establecidos. Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes.

Pontedeume, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, o día 28 de abril de 2025.

2025/2681